

I XORNADA PROFESIONAL DA INDUSTRIA MUSICAL

formación para a profesionalización



CIDADE DA
CULTURA

Auditorio Neira Vilas
Edificio Biblioteca



BELÉN CABRERA


directora do departamento
de Dereito da Cultura de
Gabeiras & Asociados.



ROCÍO MENA

asociada do departamento
de Dereito da Cultura de
Gabeiras & Asociados.

13 DECEMBRO



🕒 10 h–19 h

ABERTA INSCRIPCIÓN

prazas limitadas

organiza



patrocina



colabora



I XORNADA PROFESIONAL DA INDUSTRIA MUSICAL

formación para a profesionalización



CIDADE DA
CULTURA

Auditorio Neira Vilas
Edificio Biblioteca

PROGRAMA

09:30-10:00 - Recepción de inscritos e benvida.



10:00-11:45 - Os dereitos de propiedade intelectual na industria musical.



11:45-12:15 - Pausa-café.



12:15-14:00 - Xestión de axudas e subvencións para o desenvolvemento de proxectos musicais.



14:00-14:45 - Xantar.



15:00-16:45 - Novidades relativas ao Estatuto do Artista.



17:00-19:00 - A música ao vivo e a súa relación co sector público: patrocinios, convenios e outras fórmulas de colaboración. Obtención de títulos habilitantes.

I XORNADA PROFESIONAL DA INDUSTRIA MUSICAL

formación para a profesionalización



CIDADE DA
CULTURA

Auditorio Neira Vilas
Edificio Biblioteca

CONTIDO

Os dereitos de propiedade intelectual na industria musical.

Nesta sesión abordaranse os aspectos vinculados aos dereitos de propiedade intelectual que deben ter en conta os/as promotores/as, managers, discográficas, artistas e músicos/as no desenvolvemento da súas actividades.

Así mesmo, analizaranse tanto as entidades de xestión de dereitos que existen neste ámbito e as súas funcións, como os aspectos xurídicos da contratación entre os/as diferentes axentes da cadea de valor.

Xestión de axudas e subvencións para o desenvolvemento de proxectos musicais.

Nesta sesión analizarase o réxime xurídico que se aplica aos procesos de xestión de axudas e subvencións, para asegurar a súa tramitación exitosa desde a súa solicitude ata a súa xustificación.

De xeito adicional, explicarase como se canalizan as axudas vinculadas aos fondos Next Generation EU e como se deben adaptar os proxectos musicais ás súas convocatorias.

Novidades relativas ao Estatuto do Artista.

No mes de setembro do 2018 o Pleno no Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade o informe para a elaboración do Estatuto do Artista. Este informe, recollía 75 recomendacións consensuadas tras casi ano e medio de traballo. Este documento pon de manifesto a necesidade de dotar aos creadores/as dun marco legal en materia fiscal, laboral e de seguridade social que atenda a súa realidade e especificidades, así como de garantir unha remuneración xusta e unha protección semellante ao resto de traballadores/as.

No ano 2021 creouse unha Comisión Interministerial que está a desenvolver o mencionado Estatuto. Nesta sesión analizarase as diferentes reivindicacións do sector musical, os avances e as cuestións pendentes de abordar.

Así mesmo, explicarase a regulación actual do contrato cos/as artistas.

A música ao vivo e a súa relación con sector público: patrocinios, convenios e outras fórmulas de colaboración. Obtención de títulos habilitantes.

Nesta sesión abordaranse, por unha parte, os aspectos xurídicos relativos aos contratos de patrocinio, así como os convenios de colaboración entre os/as organizadores de espectáculos musicais en vivo e as Administracións Públicas.

E por outra, analizaranse, as dificultades existentes nos procesos de obtención de licencias e, no seu caso, autorizacións necesarias, para a organización dos espectáculos musicais en vivo.